



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27 DE MARZO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00015584V.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 20 de marzo de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 22 de marzo de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00034144C.

Licenza para o proxecto básico para construción de edificio de 14 vivendas con 2 sótanos, planta baixa, 2 plantas e baixocuberta na rúa do Coto, 11.

Acórdase conceder a Construcciones Jupita SL licenza para o proxecto básico de data de visado do 10/03/2022 e a documentación presentada o 07/02/2023, cun orzamento de execución material de 947.150,00 euros.

O proxecto básico refírese á a construción de edificio de 14 vivendas con 2 sótanos, baixa, 2 plantas e baixocuberta na rúa do Coto, 11 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00045701P.

Instalación de ascensor no edificio da Avda de Lugo, 263 e autorizacion do tramite de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade do Decreto 29/2010.

Acórdase:

Primeiro.-Conceder á comunidade de propietarios Avda de Lugo 263 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de execución de data de visado do 22/11/2022 e documentación presentada o 21/11/2022 e o 19/03/2023, cun orzamento de execución material de 79.181,55 €, a instalación de ascensor no edificio sito na Avda de Lugo, 263 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 06/02/2023, solicitada pola comunidade de propietarios Avda de Lugo 263 para a instalación de ascensor no edificio sito na Avda de Lugo, 263 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/596/2020.

Modificación da licenza para construción de edificio de doce vivendas na rúa Berlín,1.

Apróbase a modificación da licenza concedida a OS CONCHEIROS S.COOP GALEGA por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela na sesión do 05 de xullo de 2021 , segundo o proxecto básico modificado e de execución de data de visado do 20/02/2023, cun orzamento de execución material de 679.109,90 €, para a construción de edificio de 12 vivendas na rúa Berlín, 1 Santiago de Compostela (A Coruña) coas condicións establecidas na licenza outorgada por acordo do 05 de xullo de 2021.

5. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2023/00010169F. Cesión á Deputación de A Coruña da Casa da Xuventude.

Acórdase CEDER Á DEPUTACIÓN DE A CORUÑA o uso por 25 anos, nas condicións que se estipulan no presente acordo, baixo a fórmula da adscricións demanial finalista o inmovible municipal de natureza demanial sito na Praza do Matadoiro 4, con referencia catastral 7778793NH3477H, para que o rehabilite na súa integridade incluíndo a adecuación parcial ao planeamento coa eliminación de parte do volume baixo cuberta definido no proxecto que se aprobe, para ubicar nel a servizos e implantar un CENTRO DOTACIONAL MULTIUSOS desa administración que albergará as súas oficinas de recadación, actividades e servizos da súa competencia e usos institucionais da Deputación na cidade de Santiago.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059059F.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro.

Acordase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro, propiedade de La Iglesia Católica, Arzobispado de Santiago de Compostela, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre febreiro de 2022 e febreiro de 2023, que supón un incremento relativo do 6 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 3 de marzo de 2023 no importe mensual de 394,22 € mais IVE (477,00 €), e importe anual de 5.724,00 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 268,20 € para o período do 03/03/2023 ata 31/12/2023 e de 55,80 € para o período 01/01/2024 ata 02/03/2024 que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, reservándose estas cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00038558H.

Adxudicación do “Servizo para desenvolver actividades de comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela financiadas polo eixo 13 do Programa Operativo Plurirrexional de España do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o gasto de **100.000,00 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria número 030 92501 2260200 2021 3 EDUSI 4 EDUSI. PUBLICIDADE E PROPAGANDA

Segundo.- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a prestación do “Servizo para desenvolver actividades de comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela financiadas polo eixo 13 do Programa Operativo Plurirrexional de España do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea” a STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 SL, que oferta un importe total de **85.500 €** (Base impositible: 70.661,16 € e IVE do 21%: 14.838,84 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

A empresa adxudicataria oferta como melloras técnicas:

- Produción de 5 microvídeos/podcasts de 1 minuto de duración, de acordo coas especificacións do PCAP e co PPT
- Campaña en MUPIS
- Organización dun evento de cara a cidadanía dentro das actividades de comunicacións relativas á operación “*Reordenación do Viario Clara Campoamor*”
- Elaboración merchandising específico para os eventos incluídos na operación “*Actuacións nas rúas Patio de Madres e Castrón Douro*” e na operación “*Actuación na Rúa Batalla de Clavijo*”

A unidade encargada do seguimento e control ordinario do contrato será o Centro Xestor encargado dos Fondos EDUSI do Concello de Santiago de Compostela

Terceiro.- Comprometer o gasto de 85.500 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria número 030 92501 2260200 2021 3 EDUSI 4 EDUSI. PUBLICIDADE E PROPAGANDA, Os gastos derivados desta contratación forman parte da Operación “Asistencia Técnica Comunicación”, dentro da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela e están cofinancados nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, financiándose o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00006954J.

Aprobación do expediente de contratación Servizo de creación do portal web, da aplicación móbil e da intranet municipal do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea cun orzamento base de licitación de 299.916,88 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizo de creación do portal web, da aplicación móbil e da intranet municipal do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea* cun orzamento base de licitación de 299.916,88 euros, IVE engadido de 52.051,69 euros.

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 299.916,88 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92001 6410002 (código de proxecto: 2018 2 EDUSI 6 1), cofinanciado nun 80% polo PO FEDER dentro do Marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00010340V.

Aprobación do expediente de contratación das “Obras para a creación dun espazo interxeneracional no barrio de Sar en Santiago de Compostela”, cun orzamento base de licitación de 128.267,49 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das *Obras para a creación dun espazo interxeneracional no barrio de Sar en Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 128.267,49 € (base impositiva de 106.006,49 € máis IVE do 21% de 22.261,30 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 128.267,49 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PARQ 3 1).

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00015273M.

Dación de conta de resolución procesual recaída no procedemento PO 494/2022 CA2.

Dase conta do Decreto 16/2023 do 2.03.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 494/2022

Obxecto: Orde de execución de data 17.10.2022, ditada pola Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade para a rehabilitación da totalidade da cuberta do inmovible situado na Rúa Nova nº 44.

O decreto do Letrado da Administración de Xustiza acorda ter por desistida á parte recorrente, a cal solicitou a desistencia deste procedemento ao constatar que o propio Concello arquivou o expediente mediante Resolución do 30.12.2022, ao non terse notificado este a todos os propietarios do inmovible, acordando a iniciación dun novo expediente.

O decreto de finalización e arquivo do procedemento é firme, ao non terse recorrido por ningunha das partes. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución procesual
2. Remitir ao Departamento Inspección e Disciplina Urbanística aos efectos oportunos.

11. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00015584V.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 17 ao 23 de marzo de 2023.

URXENCIAS

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00013038R

Servizo de “teatro de barrio” nos centros socioculturais do concello de Santiago de Compostela

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Servizo de “teatro de barrio” nos centros socioculturais do concello de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 84.465,02 € (base imponible de 69.805,80 € máis IVE do 21% de 14.659,22 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 84.465,02 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 050 33403 2269901, coa seguinte desagregación por anualidades:

Exercicio orzamentario

2023 - 14.077,50 €

2024 - 42.232,51 €

2025 - 28.155,01 €

Total - 84.465,02 €

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.